

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 5 de decembro de 2013

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a M^a Carmen Silva Rego
D^a M^a Jesús Lago Rey
D^a. Raquel Díaz Vázquez
D. Angel Rivas González
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz

NON ASISTEN:

D. Carlos López Font
D. Cayetano Rodríguez Escudero
D^a. M^a Isaura Abelairas Rodríguez
D. José Manuel Fernández Pérez

Invitados:

D. David Regades Fernández

Na Casa do Concello de Vigo, ás trece horas e trinta minutos do día cinco de decembro de dous mil trece e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Lago Rey, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, e o interventor xeral, Sr. García Alvarez,.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(1353).- ACTA ANTERIOR. Apróbese as actas da sesión ordinaria e extraordinaria e urxente do 29 de novembro de 2013. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr.Alcalde-presidente.

2(1354).- DAR CONTA DE SENTENZAS E AUTOS.

Dáse conta das seguintes sentenzas e autos remitidos por Asesoría Xurídica:

a) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no RC-A nº 207/2012 P.O. Demandante: D^a M^a LUZ FERNÁNDEZ MARIÑO. Obxecto: Acordo plenario do 26.3.2012 (en reposición contra o do 31-10-2011) Rectificacións do IMB e D, ramal 1 do Camiño de Ceán, Coruxo (Expte.: 1136/244). Estimado o recurso.

b) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no RC-A nº 228/2013 P.A. Demandante: D^a PURIFICACIÓN VILA ABALDE. Obxecto: Resolución do 01.07.2013. Expte.: Reclamación patrimonial, caída na vía pública o 19/10/2012, lousa na beirarrúa. Desestimado o recurso.

c) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo RC-A nº 168/2013 P.A. Demandante: D. FRANCISCO IGLESIAS PAZ. OBXECTO: Resolución do 17.04.013. Expte.: Reclamación patrimonial asolagamento por obras de reurbanización o 2 e 3.10.2010. Estimado parcialmente o recurso.

d) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no RC-A nº 87/2011 p.o. Demandante: D^a MARÍA PAULA TEIXEIRA PINTO ROCHA. Obxecto: Resolución do 08.07.2011 (e.p. e imputación á concesionaria) Reclamación patrimonial, caída na vía pública (Expte. 2403/243) Estimado parcialmente o recurso.

e) Sentenza do TSXG no rec. Suplicación 2732/2011 interposto polo CONCELLO DE VIGO contra Sentenza do X. Social nº 2 de Vigo no RC-A nº 1157/2010 P.O. Estimatoria de aboamento a D. Enrique Suárez Álvarez de diferencias salariais CD e CE da Xefatura do Arquivo. Desestimado o recurso de suplicación.

f) Sentenza do TSXG, Procedemento Ordinario nº 4264/2011. Asunto: Recurso interposto polo CONCELLO DE VIGO contra o Decreto 32/2011, do 17 de febreiro, polo que se aproba o cambio de titularidade do tramo da antiga estrada C-550 (Fisterra-Tui pola costa), Avda da Florida e do tramo da estrada PO-330 (Vigo-Vincios), a favor do Concello de Vigo. Desestimado o recurso.

g) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A nº 217/2013 P.A. Demandante: D^a JULIA ROUCO GONZÁLEZ. Obxecto: Resolución do 18/09/2013 (en reposición), sanción, ordenanza ambiental, manifestación o 17/11/2011. Expte. m. nº 8144/306. Estimado o recurso.

h) Sentenza do Xulgado do Social nº 1 de Vigo no Procedemento Ordinario nº 1234/2012. Demandante: D^a M^a JOSÉ GARCÍA OLIVEIRA. Obxecto: Recoñecemento de dereito e cantidades. Sentenza do nº 284, do 15 de maio de 2013.

2^a INSTANCIA. Sentenza do TSXG, Sala do Social, Suplicación nº 2941/2013. Expediente nº 7710-111. Desestima o recurso deste Concello e confirma a sentenza de instancia con condena en custas taxadas.

i) Sentenza do TSXG, Sala do C-A, Sección 2^a. Apelación nº 4252/2013, interposta pola "ASOC. PROF. PROV. DE AUTOTAXIS DE PONTEVEDRA", contra Sentenza do Xulgado do Contencioso-Administrativo núm. 1 sobre descanso obrigatorio semanal, prórroga. Expte. 6520/111. Desestima a apelación da asociación demandante, con custas taxadas de oficio.

k) Sentenza do Xulgado Primeira Instancia nº 11 de Vigo no Procedemento Ordinario (civil) nº 491/2013. Demandante: COMUNIDADE DE MONTES VECIÑAIS EN MAN COMUN DE CABRAL. Obxecto: demanda relativa á declaración da titularidade dos terreos sobre os que se sitúa o depósito de auga de Cotogrande. Expediente nº 8093-111. Non é firme.

l) Sentenza do Xulgado do Social nº 3 de Vigo no Conflicto Colectivo nº 808/2013. Demandante: FSP-UXT. Obxecto: Aboamento da paga extraordinaria de Nadal de 2012 (suprimida por decreto-lei). Expediente nº 8117-111. Non é firme, declara a excepción de inadecuación do procedemento, desestima a demanda, e absolve ao Concello.

m) Sentenza do TSXG, Sala do C-A, Sección 3ª sobre r. apelación interposto por IBERBOUZA, S.L. e outros, contra Resolución 04/07/12. RPA caída muro cerramento "Proa". Expte. 7575/111. Desestima a apelación das actoras e confirma a sentenza desestimatoria.

n) Sentenza da Audiencia Nacional (AN). Sala do contencioso-administrativo, sección 001 no RC-A Nº 259/2011 p.o. Demandante: "ASOCIACIÓN SALVEMOS PONTEVEDRA". Obxecto: Resolución Ministerio Medio Ambiente, Rural y Marino, de data 17/12/2007, sobre construción depuradora. Expediente nº 4629-111. A AN ten por desistida e apartada deste recurso á Asociación recorrente, declarándose o arquivo dos autos e sen facer imposición de costas.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

3(1355).- PROPOSTA DE RESOLUCIÓN DE RECURSOS E RENUNCIAS DE SUBVENCIONS A ENTIDADES E ASOCIACIONES DE CARÁCTER SOCIAL, SEN ANIMO DE LUCRO, PARA A REALIZACION DE ACTIVIDADES DA AREA DOS SERVIZOS SOCIAIS NO ANO 2013. EXPTE. 89190/301.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 27.11.13, e de acordo co informe-proposta da técnica de actividades económicas de Servizos Sociais, do 20.11.13, conformado pola concelleira-delegada da Área de Política de Benestar, a Xunta de Goberno local acorda:

PRIMEIRO.-Desestimar os seguintes recursos:

1.-Recurso presentado pola FEDERACION VECIÑAL DE VIGO "EDUARDO CHAO"-FAVEC-. A Federación reclamante alega no recurso, en primeiro lugar, que a FAVEC non tiña coñecemento dunha canle mais específica para presentación do proxecto, e que descoñecía nese momento se sairía ou non algunha específica para realizar a súa presentación ; en segundo lugar ratifica que o proxecto presentado encadrárono no sector A) Poboación en xeral.

Os argumentos que esgrime á asociación no seu recurso, non aportan elementos novos que desvirtúen os que serviron de base para a desestimación da subvención posto que, tanto o proxecto presentado como a natureza e obxectivos do mesmo teñen unha relación mais específicas con outras áreas do Concello de Vigo ou de outras administracións , motivo este que exclúe por si mesmo o sector de poboación escollido para desenvolvelo.

2.-Recurso presentado pola ASOCIACION DE DONANTES Y RECEPTORES DE ORGANOS DE VIGO "ADROVI" A asociación reclamante alega no seu recurso a falta de requirimento para aportar documentación e para completar o expediente de solicitude, e apoia os seus argumentos na base novena das Bases das subvencións. Aporta proxecto xunto ao recurso e solicita a anulación de la resolución desestimatoria e a admisión do proxecto denominado "Campaña de sensibilización por el extrarradio "Doa organos""

Á vista das alegación presentadas pola asociación ADROVI, en ningún momento efectiva indefensión na resolución do expediente de subvención, motivo que segundo queda aclarado en ampla xurisprudencia existente sí produciría a nulidade de pleno dereito.(Sentencia del Tribunal Supremo de 17 de octubre de 1991....resulta necesario "ponderar, en cada caso, las consecuencias producidas por tal omisión en la parte interesada, la falta de defensa que realmente haya originado y, sobre todo, lo que hubiera podido variar el acto administrativo originario en caso de haberse observado el trámite omitido. "Sentencia Tribunal Supremo de 16 de marzo de 2005, Sala Tercera, Sección 6ª, dice:"La Sentencia de esta Sala de 11 de julio de 2003 resume en lo sustancial la doctrina de este Tribunal en materia de actos administrativos derivada de la falta de cumplimiento del trámite de audiencia en un procedimiento no sancionador. En dicha sentencia se afirma que tal falta de audiencia no es, por sí propia, causa de nulidad de pleno derecho, sino que sólo puede conducir a la anulación del acto en aquellos casos en los que tal omisión haya producido la indefensión material y efectiva del afectado por la actuación administrativa.....Y, precisamente, si es esencial el trámite de audiencia es porque su falta podría determinar que se produjese la efectiva indefensión del afectado. Ahora bien, esa indefensión no equivale a la propia falta del trámite, sino que ha de ser real y efectiva, esto es, para que exista indefensión determinante de la anulabilidad del acto es preciso que el afectado se haya visto imposibilitado de aducir en apoyo de sus intereses cuantas razones de hecho y de derecho pueda considerarse pertinentes para ello")

3.-Recurso presentado pola AGRUPACION DEPORIVA XOGARA Os argumentos que esgrime á asociación no seu recurso, non aportan elementos novos que desvirtúen os que serviron de base para a desestimación da subvención posto que, tanto o proxecto presentado como a natureza e obxectivos do mesmo teñen unha relación mais específicas con outras áreas do Concello de Vigo ou de outras administracións , motivo este que exclúe por si mesmo o sector de poboación escollido para desenvolvelo.

SEGUNDO.- Aceptar a renuncia da subvención á entidade que deseguido se indica, anulando a súa concesión.

ENTIDADE	NIF	IMPORTE ANULADO	MOTIVO
Asociación cidadana de lucha contra a droga Alborada	G36624 963	1071,00	Renuncia

4(1356).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA POR IMPORTE DE 6.256,27 € A FAVOR DE EULEN SERVICIOS SOCIO SANITARIOS S.A. POLA PRESTACIÓN DOS SERVIZOS DE TELEASISTENCIA, MES OUTUBRO 2013. EXPTE. 89156/301.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 26.11.13, e de acordo co informe-proposta da técnica de Servizos Económicos, do 18.11.13, conformado polo xefe da Área de Política de Benestar e a concelleira-delegada de dita Área, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar a indemnización substitutiva por importe de 6.256,27 euros, a favor de EULEN SERVICIOS SOCIONATARIOS, S.A. (CIF: A-79022299), pola prestación de servizos de teleasistencia durante o mes de outubro de 2013.

2º.- Imputar o gasto de 6.256,27 euros á partida orzamentaria 2310.2279911 "Teleasistencia", minorando dito importe do RC 201300044568 de 44.000 euros.

5(1357).- DEVOLUCIÓN DE GARANTÍA A FAVOR DE CONSTRUCCIÓNES ALEA S.L. EXPTE. 4649/241.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe da Oficina Administrativa de Contratación, do 22.11.13, a Xunta de Goberno local acorda:

Devolver a CONSTRUCCIONES ALEA, S.L. a fianza de 33.598,18 euros constituída para responder de construción dunha piscina cuberta na parroquia de Valadares, xa que as obras foron recibidas mediante acta de 20 de novembro de 2007 e por se executaren conforme as condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer-lo prazo de garantía.

6(1358).- CONTRATACIÓN DO SERVIZO PARA A XESTIÓN PARCIAL, DESENVOLVEMENTO E IMPARTICIÓN DE DOCENCIA PARA AS ACTIVIDADES DE FORMACIÓN TEATRAL NA ESCOLA MUNICIPAL DE TEATRO. EXPTE. 14994/332.

Examinadas as actuacións do expediente, visto os informes xurídicos do 29.10.13 e 2.12.13, o informe de fiscalización do 28.11.13, e de acordo co informe-proposta do técnico superior de Educación, do 2.12.13, conformado polo concelleiro de Educación e pola concelleira de Facenda, a Xunta de Goberno local acorda:

PRIMEIRO.- Aprobar o expediente de contratación dos servizos para a xestión parcial, docencia e desenvolvemento da Escola municipal de teatro de Vigo por procedemento aberto.

SEGUNDO.- Aprobar o Prego de prescricións técnicas de 21/11/2013 redactado polo Servizo de Educación e o Prego de cláusulas administrativas particulares por procedemento aberto de data 21/11/2013 redactado polo Servizo de Contratación, que se inclúen no presente expediente para a contratación dos servizos para a xestión parcial, docencia e desenvolvemento da Escola municipal de teatro de Vigo por procedemento aberto.

TERCEIRO.- Aprobar o gasto por importe de 100.000 euros (100.000 € na anualidade de 2014) para a contratación dos servizos para a xestión parcial, docencia e desenvolvemento da Escola municipal de teatro de Vigo por procedemento aberto, con cargo á partida presupostaria 3210.227.99.03 (“Escola municipal de teatro” e Bolsa de Vinculación).

CUARTO.- Acordar a apertura do procedemento de contratación conforme ao previsto na lexislación vixente.

7(1359).- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN AO CONCELLO DE REDONDELA PARA REALIZAR OBRAS DE SANEAMENTO NO LUGAR DE FIXÓN-VILAR DE INFESTA. EXPTE. 2180/440.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe de Área de Fomento, do 26.11.13, conformado polo concelleiro de Área de Fomento, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Autorizar ao Concello de Redondela con cargo aos seus orzamentos, o a construción dun colector de saneamento na Traza do Canal de Eiras no lugar de Fixón – Vilar de Infesta – Redondela , dacordo coas seguintes condicións:

- O Colector deberá instalarse paralelo ao canal e a unha distancia de seguridade que impida calqueira dano no mesmo, con pedentes adecuadas para os usos previstos, que non deberá ser inferior ao 1 %.
- Os cruces do canal faránse por debaixo da xeneratriz inferior exterior da conducción xeral de abastecemento, debendo deixar unha distancia mínima de 30 cm entre ambas conduccións, medida entre as xeneratrices exteriores de ambas conduccións.

- Notifícarase ao Concello de Vigo a data de inicio dos traballos cunha antelación mínima de 15 días naturais para poder programar a supervisión dos meses.
- Tanto o Técnico municipal do Concello de Redondela como o Xefe de Obra da empresa adxudicataria da obra a executar, deberán cumprir en cada momento, as instrucións ou criterios constructivos dados polo Técnico Municipal do Concello de Vigo Supervisor das obras que a tal efecto designárase no momento de inicio das mesmas.
- Os danos producidos no canal e elementos constructivos da traza serán responsabilidade do Concello de Redondela e deberá ser reparado ao seu cargo.

En caso de que o Concello e Vigo procedese a realizar calqueira obra no terreo da traza do canal e resultase afectada a obra ou instalación á que se refire a presente autorización, será por conta do Concello de Redondela o seu traslado, adaptación, reposición ou calqueira outra actuación que resultase necesaria, nos prazos e condicións que establezca o Concello de Vigo, sin que esto supoña dereito a ningunha indemnización.

8(1360).- LIBRAMENTOS A XUSTIFICAR. EXPTE. 102270/140.

Visto o informe do interventor xeral, de data 29.11.13, a Xunta de Goberno local aproba a seguinte relación de xustificantes de libramentos:

Habilitado	Nºpagamento	Aplicación orzamentaria	Importe librado	Importe xustificac-do	Data de pagamento	Data Real xustificac-i3n	Data legal de xustificac-i3n	Reintegro	S/ a favor
ALONSO FE-RRAGUD SAN-TIAGO	201300066122	9222.2250200	200,00	200,00	14/10/13	11/11/13	14/01/14	----	---
ALONSO FE-RRAGUD SAN-TIAGO	201300067704	9222.2250200	200,00	100,00	21/10/13	11/11/13	21/01/14	100,00	---
ESCARIZ COU-SO ALBERTO	201300066119	9227.1620000	2.400,00	2.400,00	14/10/13	29/10/13	14/01/14	----	---
ESCARIZ COU-SO ALBERTO	201300066217	9310.2269900	30,44	28,19	11/10/13	28/10/13	11/01/14	2,25	---
ESCARIZ COU-SO ALBERTO	201300066976	9220.2219901	191,81	153,98	15/10/13	25/10/13	15/01/14	37,83	---
ESPADA RECA-REY LUIS	201300051286	1693.2200000	600,00	580,00	12/08/13	28/10/13	12/11/13	20,00	---
ESPADA RECA-REY LUIS	201300051289	1693.2230000	500,00	452,21	12/08/13	28/10/13	12/11/13	47,79	---
ESPADA RECA-REY LUIS	201300057303	1693.2200100	500,00	265,50	09/09/13	13/11/13	09/12/13	234,50	---

Habilitado	Nºpagamento	Aplicación orzamentaria	Importe librado	Importe xustificado	Data de pagamento	Data Real xustificación	Data legal de xustificación	Reintegro	S/ a favor
ESPADA RECA-REY LUIS	201300064578	1693.2279900	17.999,00	15.747,00	10/10/13	04/11/13	10/01/14	2.252,00	---
VIVERO MIJARES ANTONIO	201300068288	1330.2260100	120,00	----	21/10/13	07/11/13	21/01/14	120,00	---
VIVERO MIJARES ANTONIO	201300068291	1330.2310000	500,00	298,44	21/10/13	07/11/13	21/01/14	201,56	---
VIVERO MIJARES ANTONIO	201300068292	1330.2300000	80,00	----	21/10/13	07/11/13	21/01/14	80,00	---
TOTAL			23.321,25	20.225,32				3.095,93	

9(1361).- NOMEAMENTO INTERINO POR ACUMULACIÓN DE TAREFAS DUN AXUDANTE DE OFICIOS PARA O SERVIZO DE EDUCACIÓN POR UN PERÍODO MÁXIMO DE 6 MESES. EXPTE. 24630/220.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do técnico de Organización e Planificación de Recursos Humanos, do 28.11.13, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro-delegado de Xestión municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Primeiro.- Nomear funcionario interino por acumulación de tarefas por un periodo máximo de seis meses, a D. CIBRÁN PINTOS DA CUNHA, con DNI nº 76.925.985-R, seguinte aspirante que superou tódolos exercicios da oposición na derradeira convocatoria para a provisión de prazas de Axudante de Oficios, incluídas na Oferta de Emprego Público correspondente o ano 2008, de conformidade coas bases xerais da mesma e de conformidade co acordo da Xunta de Goberno Local de data 31/10/2013 (expte. 24448/220).

Terceiro.- O referido nomeamento faráse de conformidade co disposto no Art. 10.1.d) da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, rematando cando transcurran os seis meses dende a data do nomeamento nos termos legalmente previstos, percibindo como retribucións o importe do soldo, retribucións complementarias e a parte proporcional da paga extraordinaria do posto Cód. 218, vixante de instalacións municipais, sendo adscrito ao Servizo de Educación.

Cuarto.- A xonada laboral do referido funcionario interino nomeado, desenvolverase preferentemente en xornada continuada de mañá –07,30 a 15,00 horas-. En calquera caso, contarase con dispoñibilidade horaria para traballar en quenda de tarde, si por requerimento do Servizo fose necesario.

Quinto.- Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o día seguinte ao da publicación do acto que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos, 8, 25 e 46 da vixente Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.”

10(1362).- GASTOS DE LOCOMOCIÓN DO PERSOAL MUNICIPAL CORRESPONDENTE AOS MESES DE XULLO-POUTUBRO 2013. EXPTE. 24615/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 26.11.13, e de acordo co informe-proposta da técnica de Formación e Avaliación de Recursos Humanos, do 21.11.13, conformado pola xefa de Área de Réxime Interior e polo concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Aprobar o gasto por un importe de 8.455,21 €, correspondente aos desprazamentos efectuados por persoal municipal no termo municipal de Vigo en concepto de indemnizacións por razón do servizo, acreditada a súa efectiva realización nos expedientes e informes recibidos no Servizo de Recursos Humanos, asinados polos correspondentes xefes/as dos servizos ou Áreas e contan coa conformidade dos Concelleiros/as-delegados/as das Áreas de goberno, segundo a relación contida no cadro subseguinte -que comeza por D. Raimundo Villar Estévez e que remata en D. José C. Solá Quiroga-, imputándose o gasto con cargo á clasificación económica dos vixentes Orzamentos municipais 2312000 -Gastos de Locomoción, correspondente aos períodos que se indica:

Nº Expte.	Servicio	Traballador	DNI	Nº Per-soal	Mes	Importe
70020-250	Vías e Obras	Villar Estévez, Raimundo	36.012.815-J	11682	Outubro 2013	293,93 €
		Salgueiro Piñeiro, Benigno	36.009.349-C	10694	Outubro 2013	300,01 €
		Barciela Simón, Benito	36.008.640-R	13617	Outubro 2013	297,73 €
		Gómez Pascual, Julio	34.901.122-W	11819	Outubro 2013	298,30 €
		Oujo Gerut, Ventura	36.019.537-L	17740	Outubro 2013	299,63 €
		Matilde Viñas, Eugenio	36.000.551-P	11831	Outubro 2013	299,82 €
		Cobas Rey, Eugenio	36.017.739-S	15467	Outubro 2013	299,25 €
		OSPIO	Ferro Mancho, Angel	36.072.730-J	79185	Setembro-Outubro 2013
		Lobato Cameselle, Ricardo	35.999.817-X	17489	Xullo-Outubro 2013	913,33 €
		Vázquez Rial, Ramón	36.022.874-K	13273	Agosto-Outubro 2013	857,85 €
		Romero Gil-Delgado, Loreto	36.064.307-P	78929	Xullo-Outubro 2013	889,39 €
6387-320	Participación Cidadá	Francisco J. Gutiérrez Orúe	13.894.232-R	13920	Outubro 2013	83,56 €
	Conserxería	Fernández Amil, Fernando	36.022.162-E	13706	Outubro 2013	182,40 €
		Yáñez Rodríguez, Julio	36.031.496-H	17822	Outubro 2013	349,60 €
87352-210	Mobilidade, Transporte e Seguridade	Roca Dafonte, José Manuel	32.429.643-B	15303	Outubro 2013	184,11 €
87353-210		Rodríguez Caramés, José M.	35.547.314-D	15355	Outubro 2013	196,08 €
87354-210		Bacelos González, José	36.023.371-N	15480	Outubro 2013	155,80 €

Nº Expte.	Servicio	Traballador	DNI	Nº Per-soal	Mes	Importe
28339/28344/502	Inspección de Tributos	Fragua Jamardo, Vicente	36.036.018-D	15510	Outubro 2013	265,81 €
		Fernández Pedreira, Enrique	36.042.726-R	11529	Outubro 2013	252,89 €
		Comesaña Rial, Manuel	36.033.647-F	9550	Outubro 2013	290,13 €
		Domínguez Vázquez, José M.	36.006.131-E	8361	Outubro 2013	289,94 €
		González Campelos, Manuel	35.997.315-S	23656	Outubro 2013	290,70 €
		Cemiterios	Rodríguez López, Adolfo	36.030.284-W	76430	Outubro 2013
	Rodríguez Torres, Javier		76.995.552-Q	82215	Outubro 2013	42,75 €
89021-301	Benestar Social	Fajín Torres, Yolanda	33.297.554-V	79174	Setembro-Outubro 2013	14,63 €
88870-301		Alonso Míguez, Rosa	36.007.512-T	21203	Outubro 2013	58,01 €
	Educación	Codesido Rodríguez, J.Felipe	36.081.823-K	19399	Outubro 2013	131,86 €
		Silva Lorenzo, Alfonso	36.002.568-R	15668	Outubro 2013	26,60 €
		Alonso Asenjo, Beatriz	35.991.455-C	15651	Outubro 2013	67,45 €
	Limpeza	Sola Quiroga, José C.	36.036.109-P	15088	Outubro 2013	256,12 €
TOTAL						8.455,21 €

Os gastos correspondentes ao servizo de Inspección de Tributos deberán imputarse á Reserva de Crédito Nº 12664. Os correspondentes ao Servizo de Conserxería imputaránse ao programa 9221231200.

	SERVIZO	TOTAL
1550	Vías e Obras-O.S.P.I.O.	5.170,66 €
2410	Participación Cidadá	83,56 €
9221	Conserxería	532,00 €
1330	Mobilidade, Seguridade e Transportes	535,99 €
9610	Inspección de Tributos	1.389,47 €
1640	Cemiterios	188,86 €
2310	Benestar Social	72,64 €
3210	Educación	225,91 €
1620	Limpeza	256,12 €
	TOTAL	8.455,21 €

11(1363).- GRATIFICACIÓN POR SERVICIOS ESPECIAIS E EXTRAORDINARIOS DO PERSOAL MUNICIPAL CORRESPONDENTES AOS MESES DE XUÑO E OUTUBRO DE 2013. EXPTE. 24599-220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 2.12.13, e de acordo co informe-proposta da técnica de Formación e Avaliación de Recursos Humanos, do 27.11.13, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Asignar unha gratificación por servizos especiais e extraordinarios correspondente ao período indicado no cadro adxunto, con cargo á partida presupostaria 121.0.151.00.00-GRATIFICACIÓNS, que se aboará na nómina do vindeiro mes, ó persoal dos servizos que a continuación se indican polos conceptos e importes relacionados:

SERVIZO	MES	Nº HORAS
Alcaldía (Condutores)	Outubro-2013	224'00
Extinción de Incendios	Outubro-2013	757'00
Policia Local (Xulgados)	Outubro-2013	752'00
Policia Local (Horas en exceso)	Outubro-2013	468'50
Inspección Vías e Obras	Xuño-2013	71'00
Parque Móbil	Xuño-2013	46'15
Ospio	Xuño-2013	80'00
Parque Central	Xuño-2013	145'00
Limpeza	Xuño-2013	42'00
Parque Móbil (Servizo Limpeza)	Xuño-2013	22'00
Parque Móbil (Vias e Obras)	Xuño-2013	34'00
Xerencia Parque Central (Electromec.)	Maio-2013	20'00
Parque Móbil (Parque Central)	Xuño-2013	72'00
Montes, Parques e Xardíns	Xuño-2013	129'00
Vías e Obras	Xuño-2013	139'00
Cultura	Xuño-2013	14'00

O montante do presente expediente ascende a un total de 29.618,20 €”.

12(1364).- DOMINGOS, FESTIVOS E NOCTURNIDADE DO PERSOAL DOS DISTINTOS SERVIZOS, CORRESPONDENTES AO MES DE OUTUBRO DE 2013. EXPTE. 24598/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 2.12.13, e de acordo co informe-proposta da técnica de Formación e Avaliación de Recursos Humanos, do 18.11.13, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Aboar en concepto de gratificación por servizos extraordinarios de domingos, festivos e a xornada nocturna ó persoal que figura nas relacións achegadas no expediente, segundo a seguinte distribución:

SERVICIO	MES	TOTAL FESTIVAS	IMPORTE	TOTAL FESTIVAS	IMPORTE NOCTURNAS	IMPORTE TOTAL
Alcaldía	outubro	De Costas Fernández, Basilio a Fontán Balbuena, Camilo		546,72	174,08	720,80
Policia Local	outubro	De Aballe Casanova, Jesús I. a Vivero Mijares, Juan Guillermo		37.616,51	28.009,20	65.625,71
Parque Móbil	outubro	De Amoedo Moreira, José L. a Villaverde Villaverde, José M.		620,09	784,04	1.404,13
Extinción Incendios	outubro	De Alonso Abalde, Manuel a Villaverde Veleiro, José Benito		3.043,14	622,88	3.666,02
Cemiterios	outubro	De Alfonso Paz, Jesús a Vilanova Acuña, Delmiro		2.098,44	0,00	2.098,44
Montes, Parques e Xardíns	outubro	De Casas Iglesias, Alfonso a Pérez Dasilva, Eduardo		273,36	0,00	273,36
Limpeza	outubro	De Fernández Pérez, Fernando a Vila Romero, Nemesio		168,84	8,16	177,00
Parque Central	outubro	De Alonso Alonso, Miguel Á. a Rodríguez Leiros, Alfonso		723,60	758,88	1.482,48
Museo	outubro	De Ogando López, José M. a González Bello, Andrés		378,89	0,00	378,89
Desinfección	outubro	De Pardellas Avión, A. Avelino a Seijas Álvarez, José Ramón		217,08	195,84	412,92
IMD	outubro	De Alves Cerqueira, Antonio		174,87	12,24	187,11
Vías e Obras	outubro	De Barros González, Delio a Rodríguez Rocha, Rodrigo		225,12	0,00	225,12
Cultura	outubro	De Vázquez Martínez, Ramón		0,00	4,08	4,08
TOTAIS				46.086,65	30.569,40	76.656,05

os importes que en cada caso se indican e que ascenden a un total de 76.656,05 €, con cargo a partida presupostaria 922.0.151.00.00-GRATIFICACIÓNS.

13(1365).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA A FAVOR DE FESAN ESTUDIOS E ANÁLISES POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE LUDOTECAS CORRESPONDENTE AO MES DE OUTUBRO DE 2013. EXPTE. 4079/336.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 22.11.13, e de acordo co informe-proposta da xefa do Servizo de Xuventude, do 19.11.13, conformado pola concelleira de Xuventude e pola concelleira de Facenda, a Xunta de Goberno local acorda:

PRIMEIRO.- Aprobar a indemnización substitutiva mediante a validación das actuacións realizadas sen fiscalización previa, que figuran na factura número B/28 de Fundación de Estudos e Análise Fesan con CIF G15597669 por un importe total de 13.718,29€ en concepto de Prestación do servizo de atención a nenos e nenas nas Ludotecas de Casa da Xuventude e Pavillón de Coia durante o mes de outubro de 2013 do programa orzamentario da Concellería de Xuventude para o exercicio 2013.

SEGUNDO.- Recoñecer a obriga a favor de Fundación de Estudos e Análise Fesan con CIF G15597669 por un importe total de 13.718,29€, en concepto de Prestación do servizo de atención a nenos e nenas nas Ludotecas de Casa da Xuventude e Pavillón de Coia durante o mes de outubro de 2013, partida 3370 2279900 “*Ludoteca Casa da Xuventude e Coia*” do programa orzamentario da Concellería de Xuventude para o exercicio 2013”.

14(1366).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás trece horas e corenta minutos. Como secretaria dou fé.

me.

O ALCALDE

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Abel Caballero Álvarez.

M^a Jesús Lago Rey.